

Ingeniería, 22-1º

Familia

Compostela, 3-4-53

(14)

Querido D. Ramón:

Recibo a sua carta co-a petición que a vostede lle fixo o alvajar. Coido que é unha iniciativa ben simpática e interesante a que na carta d'el se refrexa. Ben merece que se lle preste a axuda que pide. De acordo cos desexos que vostede manifesta, trataremos de envolver material axitado pra lle enviar canto máis axina ó bo amigos. O que ocorre é que as semas d'el non venen nos papéis que vostede nos envia; ¿Sabeas vostede? Porque eu penso que, ademais, deberíanselle de mandar algunhas das nosas publicacións, pois non hai dúbida de que il está relacionado con algún editor de París interesado na publicación de cousas galegas e sería conveniente que tivesen coñecemento do que nos publicamos; ¿Non lle parece?

Muito nos alegramos do bo estado da sua saúde. O Garra Sabell xa nos trouxera moi boas noticias a derradeira vez que estivo ahí en Madrid.

Agora xa ten ahí ó Fermín. Pasaron por aquí il e máis a dona.

Lembranzas a todos.

Muitos saúdos de todos os amigos de aquí e unha aperta moi forte do seu de cote admirador e amigo

Ramón Piñeiro